



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 20 de xullo de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Contratación servizos de inspección alumeados**
- 3. Alta no servizo de abastecemento/saneamento**
- 4. Licenzas urbanísticas**
- 5. Alta e baixa na tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade**
- 6. Requirimentos de limpeza de leiras con maleza nos lugares de O Forte e Lestedo**
- 7. Aboamento indemnización de responsabilidade por danos.**
- 8. Xustificación proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas 2015-2017**
- 9. Xustificación final da subvención para o fomento do emprego no medio rural, TR351G 2016/35-1**

- 10. Aprobación conta xustificativa da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico da biblioteca municipal de Boqueixón**
- 11. Aprobación da conta de explotación do servizo de saneamento correspondente o ano 2016**
- 12. Aprobación de facturas**
- 13. Pagamento indemnizacións por participación nos tribunais para a contratación de persoal**
- 14. Inicio contratación da obra POS + 2017**
- 15. Inicio contratación da obra aforro enerxético e sistema de control da ETAP, no Pontillón**
- 16. Inicio contratación obra “Rúa Hixinio Ansemil, de Avenida Pico Sacro a Travesía de Milleirós e outra”.**
- 17. Punto de urxencia**
- 18. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de xullo do 2017.

2. Contratación servizos de inspección alumeados

O Real Decreto 842/2002 polo que se aproba o regulamento electrotécnico para baixa tensión, no seu artigo 21 establece que “o cumprimento das disposicións e requisitos de seguridade establecidos polo real decreto e as súas instrucións técnicas complementarias, según o previsto no artigo 12.3 da Lei 21/1992 de Industria, deberá ser comprobado, no seu caso, por un organismo de control autorizado neste campo regulamentario”.

Por outro lado a orde do 18 de agosto do 2008 da Consellería de Innovación e Industria (DOG 29/05/2008), establece no artigo 9 que “as inspeccións sucesivas realizaranse cada cinco anos, salvo as instalacións comúns de edificios de vivendas de potencia superior a 100 kw que se realizarán cada dez anos”.

Estas inspeccións viñan sendo efectuadas pola empresa encargada do mantemento do alumeado público, dentro das melloras ofertadas polo adxudicatario do contrato.

Sen embargo, neste derradeiro contrato, a empresa adxudicataria ofertaba, así mesmo, entre as melloras a citada inspección por un organismo de control autorizado, por un prezo total de 18.750 €.

O total das melloras (incluídos os 18.750 €) ascenda a 126.384,80 € que tal como consta no acordo da Xunta de Goberno de data 17 de novembro do 2016, foron xustificadas na súa totalidade en execución de obras varias, non efectuándose a inspección por terse esgotado o presuposto ofertado en melloras. En consecuencia, e correspondendo neste ano a realización da inspección, debe o concello realizala ao seu cargo.

Tendo en conta os datos subministrados pola empresa adxudicataria do servizo de mantemento do alumeadado público, o importe total da inspección incluíndo unha segunda visita, se fose necesario, ascendería a 14.505,00 € máis IVE.

As instalacións a inspeccionar serían as seguintes:

INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN PÚBLICA QUE TEÑEN QUE PASAR OCA

COD	ALUMEADO	PARROQUIA	TENSIÓN	IXA	POT.MAX
102011	FORTE 1 (CONCELLO)	BOQUEIXÓN	400	40	27,71Kw
102013	FORTE 3 (POLIDEPORTIVO)	BOQUEIXÓN	400	16	11,09Kw
102021	IGREXA	BOQUEIXÓN	400	40	27,71Kw
103071	IGREXA	CODESO	400	40	27,71Kw
103012	ARDESENDE 2	CODESO	400	25	17,32Kw
105021	GASTRAR 1	GASTRAR	230	25	5,75Kw
105051	XIADANS TRIÓN	GASTRAR	400	20	13,86Kw
106051	OUTEIRO	LAMAS	400	20	13,86Kw
110021	LEDESMA 1 (PONTE NOVA)	LEDESMA	400	16	11,09Kw
110041	NOENTE	LEDESMA	400	40	27,71Kw
110051	PONTEVELLA 1	LEDESMA	400	16	11,09Kw
110061	VILA- LEDESMA	LEDESMA	400	25	17,32Kw
107043	MILLEIROS 3 (PISTA DO PICO)	LESTEDO	400	25	17,32Kw
107051	PAZOS 1	LESTEDO	230	25	5,75Kw
107072	RAMIL 2 (BARROS)	LESTEDO	400	40	27,71Kw
107081	RUBIAL	LESTEDO	400	32	22,17Kw
107104	VILAR 4 FEIRA	LESTEDO	400	38	26,33Kw
107103	VILAR 3 (O FORNO)	LESTEDO	400	20	13,86Kw
107105	VILAR 5 (TRAVESIA NGB)	LESTEDO	400	40	27,71Kw
107106	VILAR 6 (TRAVESIA ESCOLA)	LESTEDO	400	25	17,32Kw
108051	MOA 1	LOUREDA	230	40	9,20Kw
109011	CAMPORRAPADO 1	OURAL	400	20	13,86Kw
109012	CAMPORRAPADO 2 (C. FÚTBOL)	OURAL	400	20	13,86Kw
109013	CAMPORRAPADO 3	OURAL	400	25	17,32Kw
109111	VILLALAPAZ	OURAL	230	40	9,20Kw
111031	CORNA	POUSADA	400	20	13,86Kw
112012	BARREIRA 2 (POLIGONO)	SERGUDE	400	25	17,32Kw
112041	GANDARA 1- SERGUDE	SERGUDE	400	25	17,32Kw
112051	IGREXA	SERGUDE	400	40	27,71Kw
112111	RODIÑO GRANDE 1	SERGUDE	400	16	11,09Kw
112112	RODIÑO GRANDE 2	SERGUDE	400	16	11,09Kw
112113	RODIÑO GRANDE 3 (BAILE)	SERGUDE	400	63	43,65Kw
113011	FRENSA FOTEBRANCA	SUBCIRA	400	25	17,32Kw
114041	SANTABAIA	VIGO	400	40	27,71Kw

RELACIÓN DE INSTALACIONES DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA PASAR OCA

INSTALACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	TENSIÓN	IXA	POT.
-------------	-------	-----------	---------	-----	------

LOCAL SOCIAL	ARDILLEIRO GRANDE	A GRANXA	230	40	9,20Kw
CASA DO CONCELLO	FORTE	BOQUEIXÓN	400	40	27,71Kw
BASE PROTECCIÓN CIVIL	FORTE	BOQUEIXÓN	230	50	11,50Kw
CENTRO DE SAÚDE	FORTE	BOQUEIXÓN	400	50	34,64Kw
CPI ANTONIO ORZA	FORTE	BOQUEIXÓN	400	250	173,21Kw
COLEXIO INFANTIL E PRIMARIA	FORTE	BOQUEIXÓN	400	160	110,85Kw
PABILLÓN POLIDEPORTIVO	FORTE	BOQUEIXÓN	400	40	27,71Kw
CAMPO DE FÚTBOL	FORTE	BOQUEIXÓN	400	100	69,20Kw
XIMNASIO	FORTE	BOQUEIXÓN	400	63	43,65Kw
PISCINA	FORTE	BOQUEIXÓN	400	50	34,64Kw
LOCAL SOCIAL	ARDESENDE	CODESO	400	32	22,17Kw
LOCAL SOCIAL	AREA RECREATIVA	GASTRAR	230	25	5,75Kw
LOCAL SOCIAL	A GREXA	LAMAS	230	40	9,20Kw
LOCAL SOCIAL	VILA	LEDESMA	400	16	11,08Kw
CENTRO SOCIO CULTURAL CAMILO JOSÉ CELA	VILAR	LESTEDO	400	63	43,65Kw
ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL	VILAR	LESTEDO	230	80	18,40Kw
CENTRO DE SAÚDE	VILAR	LESTEDO	400	63	43,65Kw
PABILLÓN POLIDEPORTIVO	CACHOSENANDE	LESTEDO	400	63	43,65Kw
CENTRO INTERPRETACIÓN DO PICO SACRO	CACHOSENANDE	LESTEDO	400	63	43,65Kw
LOCAL SOCIAL	MOA	LOUREDA	230	40	9,20Kw
CASA DA CULTURA	CAMPORRAPADO	OURAL	400	80	55,43Kw
ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL	CAMPORRAPADO	OURAL	230	50	11,50Kw
CAMPO DE FÚTBOL A SILVEIRA	CAMPORRAPADO	OURAL	400	40	27,71Kw
LOCAL SOCIAL	POUSADA	POUSADA	400	40	27,71Kw
LOCAL SOCIAL	LAMAS	SERGUDE	400	40	27,71Kw
ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL	LAMAS	SERGUDE	230	50	11,50Kw
LOCAL SOCIAL	SANTABAIA	VIGO	230	40	9,20Kw
CAPTACION DE AUGAS E EDAR	ORTO	BOQUEIXÓN	400	800	554,26Kw
CAPTACION DE AUGAS E EDAR TRAFO	ORTO	BOQUEIXÓN			630 KVA
BOMBEO DE DONAS	DONAS	DONAS	400	250	173,21Kw

En cumprimento do establecido no artigo 138.3 do texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, considéranse contrato menores os de importe inferior a 18.000 € (contrato servizos) e poden adjudicarse directamente a calquera empresario con habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Tal como establece o artigo 111 da mesma lei, a tramitación do expediente so esixe a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente. Neste senso, indicar que na próxima sesión plenaria (setembro) efectuarase unha modificación presupostaria na que se incluírá partida presupostaria necesaria, adecuada e suficiente para este gasto.

Débense ter en conta, así mesmo as bases de execución do presuposto, que na BASE 21.C sinala que si a contía é superior a 3.000 € e inferior a 18.000 € (IVE excluído), deberá acreditarse a consulta a tres empresas.

Por último, ter en conta que o artigo 23.3 da mesma lei de contratos establece que a duración dos contratos menores non poderá ser superior a un ano, nin obxecto de prórroga.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar a contratación, mediante contrato menor, do servizo de inspección regulamentaria das instalacións eléctricas do concello de Boqueixón.
2. O importe máximo de licitación, incluída a segunda visita (no seu caso), é de 14.505, 00 €, IVE excluído.
3. Solicitar ofertas os seguintes organismos de control autorizados:

EUROCONTROL, S.A.
Rúa Castiñeiras, nº 110-C -- Polígono Industrial Novo Milladoiro
15895 Ames

I2C INSPECCIONES S.L.
Rúa das Hedras nº 4 1 E. – Polígono Novo Milladoiro
15895 Ames

OCA ICP
Polígono Pocomaco Parc D-4 Portal 3 – 2º Oficina 7
15190 – A Coruña

ATISAE
Polígono Pocomaco, 5ª Avda. Parc. D-12
15190 A Coruña

3. Alta no servizo de abastecemento/saneamento

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Luis Miguel xxxxxx xxxxx – 15885 Vedra (A Coruña)	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €	24,37 €

Polo que, a Xunta de Goberno, de data 20 de xullo de 2017, acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, S.C.G.” o 28/12/2007. Así mesmo, o ingreso pola conexión á rede de abastecemento foi efectuado polo interesado nas arcas municipais, con data do 03/07/2017, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar as acometidas á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
Luis Miguel xxxxx xxxxx15885 Vedra (A Coruña)	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” con data do 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

4. Licenzas urbanísticas

A) Licenza municipal de obras. Expte 2016/0468

Antecedentes:

Con rexistro de entrada nº: 2016 / 0468, de data do 09/03/2016, ten entrada un expediente presentado por D. José Juan xxxxx, con DNI nº: xxxxx; con domicilio no lugar de xxxxx – Vigo – (15881 – Boqueixón), para a “*instalacións de paneis fotovoltaicos*”, que se pretenden instalar na cuberta dun serradoiro existente, identificado coa referencia catastral nº: 000300900NH44D0001TU, sito no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar.

Con data do 21/03/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico, en base á documentación achegada, mediante o cal conclúe basicamente o seguinte:

“ A documentación presentada é totalmente insuficiente. Deberase presentar proxecto técnico completo das actuacións previstas, asinado por un técnico competente. ”

Con rexistro de saída nº: 16 / 271, de data do 31/03/2016, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico, aos efectos oportunos.

Con rexistro de entrada nº: 2017 / 0158, de data do 01/02/2017, ten entrada un novo expediente, neste caso un proxecto técnico, presentado por D. José Juan xxxxx, para unha “*instalación fotovoltaica de autoconsumo*”, que se pretenden instalar na cuberta dun serradoiro existente, sito no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar.

Con data do 09/02/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico, en base á nova documentación achegada, mediante o cal conclúe que se debe completar o proxecto para o cumprimento da legalidade urbanística vixente, así como tamén deberá estar asinado por un técnico competente (aparecen dúas sinaturas de persoas distintas), e visado polo colexio profesional correspondente.

Con rexistro de saída nº: 2017 / 0180, de data do 22/02/2017, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do novo informe técnico, para que no prazo de 30 días, presenten as modificacións que no dito informe se indican.

Con rexistro de entrada nº: 2017 / 0544, de data do 23/03/2017, ten entrada unha nova documentación (proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo Colexio Profesional), presentada por D. José Juan xxxxx, en base ao informe técnico de data do 09/02/2017.

Con data do 12/04/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico, en base á nova documentación achegada, mediante o cal conclúe que nova documentación, non dá cumprimento á normativa urbanística vixente, xa que como se indicou en informe técnicos anteriores, faltan correccións técnicas, xa solicitadas anteriormente.

Con rexistro de saída nº: 2017 / 0348, de data do 17/04/2017, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do novo informe técnico, para que no prazo de 30 días, presenten as modificacións que no dito novo informe se indican.

Con rexistro de entrada nº: 2017 / 1033, de data do 22/05/2017, ten entrada unha nova documentación (proxecto técnico, asinado por técnico competente e visado polo Colexio Profesional), presentada por D. José Juan xxxxx, en base ao informe técnico de data do 12/04/2017.

Con data do 08/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable**, en base á nova documentación achegada, e que literalmente di:

- 1. O novo proxecto deberá entregarse visado (tal e como así estaba o proxecto presentado con data do 23 de marzo de 2017 (RE nº 2017/0544).*
- 2. En cumprimento do artigo 36 da LSG, será necesario informe favorable da Consellería de Medio Rural.*

Con rexistro de saída nº: 2017 / 0547, de data do 16/06/2017, pola Alcaldía, solicítase a autorización previa á Consellería de Medio Rural.

Con rexistro de entrada nº: 2017 / 1505, de data do 11/07/2017, ten entrada no concello o informe favorable da Consellería de Medio Rural, para o proxecto de “instalación fotovoltaica de autoconsumo”, no Lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico de execución de instalación de paneis fotovoltaicos, asinado polo enxeñeiro superior de minas, D. David Rodríguez Besada, colexiado n: 2.835, e visado con data do 21/03/2017 (Folio 1 – Asento nº 07).*
- *Consulta descritiva e gráfica da parcela*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *O informe técnico favorable, de data do 8 de xuño de 2017*
- *O informe favorable da Consellería de Medio Rural, de data do 5 de xullo de 2017*

Con data do 17 de xullo de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “**Licenza Municipal de Obras**”, a D. José Juan xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Vigo – (15881 – Boqueixón); para as seguintes actuacións:

- **Instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo, na cuberta dun serradoiro**

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

a.-) **Condicións particulares:**

1. Número de licenza municipal: 2016 / 0468
2. Data da licenza municipal: 20 de xullo de 2017
3. Promotor da licenza: José Juan xxxxx
4. D.N.I. do promotor: xxxxx
5. Clasificación urbanística da parcela: Solo rústico de especial protección agropecuaria
6. Tipo de licenza: Instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo, na cuberta dun serradoiro
7. Situación e emprazamento: Lg. de Gastrar – Parroquia de Gastrar
8. Referencia catastral da parcela: 000300900NH44D0001TU
9. Superficie da parcela: 694 m²
10. Superficie da parcela utilizada: 448 m²
11. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 (abonada con data do 31/03/2017)
12. Orzamento de execución material: 44.800,00 €
13. Liquidación do I.C.I.O. (1,9% da execución material das obras previstas): 851,20 €
14. Técnico redactor do proxecto: D. David Rodríguez Besada, colexiado n: 2.835
15. Dirección de obras: D. David Rodríguez Besada, colexiado n: 2.835
16. Dirección de execución de obras: D. David Rodríguez Besada, colexiado n: 2.835
17. Coordinación de seguridade e saúde: D. Juan E. Martínez Otero, colexiado nº: 4.122
18. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: **6 MESES** (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: **3 ANOS** (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*(Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes.)*

b.-) **Condicións especiais:**

19. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: **tipo de obra, número de licenza; data da licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.**

20. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.

21. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.
22. As obras serán executadas, conforme a documentación técnica presentada.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 851,20 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **851,20 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “Concello de Boqueixón.”
- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a:

JOSE JUAN xxxxx
xxxxx – Vigo
15881 – Boqueixón
A Coruña

B) Licenza municipal de obra. Expte: 2017/1136

Antecedentes:

Con data do 31/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1136, de data do 01/06/2017, por D. Sabino xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona María xxxxx, con DNI nº: xxxxx; con domicilio a efectos de notificación en xxxxx – (15702 – Santiago de Compostela), achégase un proxecto técnico de obras, para a “*construción dunha vivenda unifamiliar illada*”, que se pretende edificar na parcela catastral nº: 15012A503004160000WJ, sita no lugar de Vigo, na parroquia de Sta. María de Lamas.

O proxecto técnico básico e de execución, está asinado polo arquitecto, D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado nº: 1.779; e visado polo colexio profesional correspondente, con nº: 1703127,2, de data do 30/05/2017.

Con data do 22/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico**, en base á toda a documentación técnica e administrativa achegada, mediante o cal conclúe que para continuar coa tramitación do expediente, deberán emendar o proxecto do xeito indicado neste, e achegar a documentación sinalada no mesmo.

Con data do 04/07/2017, con rexistro de entrada nº: 2017 / 1442, por D. Sabino xxxxx, con DNI nº: xxxxx, achégase unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 22/06/2017.

Con data do 06/07/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica e administrativa achegada, e que literalmente di:

- 3. Os muros de formigón deberán quedar debidamente revestidos, ou enfusados e pintados en cores acordes co medio rural.*
- 4. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*

5. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico básico e de execución inicial, con nº: de visado 1703127,2, con data do 30.05.2017; e o ANEXO de subsanacións, con nº: de visado 1703127,3; con data do 04.07.2017)
- Copia do DNI dos solicitantes
- Copia da escritura notarial de propiedade da parcela
- Consulta descritiva e gráfica da parcela
- Presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, da inscrición do certificado e etiqueta de eficiencia enerxética
- A Cesión municipal (artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia)
- O oficio de dirección de obra
- O oficio de dirección de execución de obra
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde
- O Impreso de Estatística de Edificación e Vivenda
- O informe técnico favorable, de data do 06 de xullo de 2017

Con data do 17 de xullo de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a D. Sabino xxxxx, con DNI nº: xxxxx; e Dona María xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para as seguintes actuacións:

- **Construción dunha vivenda unifamiliar illada**

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) **Condicións particulares:**

1. Número de licenza municipal: 2017 / 1136
2. Promotores do expediente: Sabino xxxxx - María xxxxx
3. D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
4. Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada
6. Situación e emprazamento: Vigo – Lamas
7. Referencia catastral da parcela: 15012A503004160000WJ
8. Superficie total da parcela, segundo título de propiedade: 4.528 m²
9. Superficie parcela edificable, segundo proxecto: 2.177,85 m² (mínima permitida 500 m²)
10. Superficie construída, segundo proxecto: 374,33 m²
11. Edificabilidade, segundo o proxecto: 0,15 m²/ m² (permitido 0,25 m²/ m²)
12. Ocupación, segundo o proxecto: 12,71 % (permitido 25 %)
13. Altura máxima, segundo o proxecto: 5,45 m. – Ss+B (permitido 7,00 m. – B+1P)

14. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 330,17
15. Orzamento de execución material das obras previstas: 123.700,00 €
16. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 2.350,30 €
17. Técnico redactor do proxecto: D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado nº: 1.779
18. Dirección de obras: D. José Antonio Hernando Ezquerra
19. Dirección de execución de obra: D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº: 891
D. Pedro Navaza Sa, colexiado nº: 2883
20. Coordinación de seguridade e saúde: D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº: 891
D. Pedro Navaza Sa, colexiado nº: 2883
21. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: **6 MESES** (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: **3 ANOS** (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*(Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes.)*

b.-) **Condicións especiais:**

22. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: **Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotores; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.**
23. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
24. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.
25. As obras serán executadas, conforme a documentación técnica presentada.
26. **Os muros de formigón deberán quedar debidamente revestidos, ou enfusados e pintados en cores acordes co medio rural.**

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (TAXA), por importe de 330,17 €; e I.C.I.O. por importe de 2.350,30 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación da TAXA e do ICIO:

A liquidación TOTAL, por importe de **2.680,47 €** (330,17 + 2.350,30), será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do "Concello de Boqueixón."

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo a:

D. Sabino xxxxx
Dona María xxxxx
xxxxx15702 – Santiago de Compostela

5. Alta e baixa na tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Acórdase dar de alta unha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Acórdase dar de baixa unha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

6. Requirimentos de limpeza de leiras con maleza nos lugares de O Forte e Lestedo

A) Requirimento limpeza de maleza no lugar de O Forte

Con data 6 de xullo do 2017 co número de entrada 1470/2017, dona M^a Carmen xxxxx e don Antonio xxxxx presentan escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de leira que está preto da súa vivenda no lugar de O Forte nº 3 A.

Manifestan que a citada finca está con abundante maleza e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que a titularidade da parcela con abundante maleza, é propiedade de dona Lourdes xxxxx, polígono 508, parcela nº 3, situada en xxxxx - Boqueixón.

Según informe do técnico municipal de data 17 de xullo do 2017, sinálase que *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx, no Forte, Boqueixón, compróbase que a leira número 3, polígono 508, está con abundante biomasa vexetal: silvas, fentos, arbustos...e preto da vivenda de don Antonio xxxxx e dona M^a Carmen xxxxx. Existe risco de incendio e de insalubridade”*.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á propietaria, dona Lourdes xxxxx, da parcela nº 3, polígono 508, situada en xxxxx, Forte, Boqueixón, que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente .

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia á citada propietaria para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

B) Requirimento limpeza de maleza no lugar de Pazos - Lestedo

Con data 17 de xullo do 2017 co número de entrada 1548/2017, don Juan xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de finca que está preto da súa vivenda no lugar de xxxxx, Lestedo, Boqueixón.

Manifesta que a citada finca está con abundante maleza, escombros e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que non son unha única parcela senón cinco parcelas:

- Parcela número 891, 893, polígono 516, lugar xxxxx, Lestedo , figura como titular don Manuel xxxxx.

- Parcela número 892, 894 e 72, polígono 516, figura como titular dona Lourdes xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 17 de xullo do 2017, sinálase que *“Feita inspección técnica no lugar de Pazos - Lestedo, compróbase que as leiras número 891, 892, 893, 894 e 72, polígono 516 do lugar de “xxxxx”, Pazos – Lestedo, a carón da vivenda de don Juan xxxxx, están con abundante maleza e escombros. Existe risco de incendio e de insalubridade”.*

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir o propietario das parcelas número 891, 893, polígono 516, lugar da xxxxx, en Pazos, Lestedo, don Manuel xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza e retirar o escombro existente.
2. Requirir á propietaria das parcelas número 892, 894 e 72, polígono 516, lugar da xxxxx, en Pazos, Lestedo, dona Lourdes xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza e retirar o escombro existente.
3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

C) Requirimento limpeza de maleza no lugar de Milleirós - Lestedo

No lugar de Milleirós – Lestedo, existe unha parcela con abundante biomasa vexetal e en situación de abandono.

Elo comprobouse tras numerosas queixas da veciñanza da aldea que sinalan a existencia de risco de incendio e de insalubridade

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que a parcela número 235, polígono 506, “xxxxx” situada en Milleirós – Lestedo, figura a nome de herdeiros de don Manuel xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 17 de xullo do 2017, sinalase que “Feita inspección técnica no lugar de Milleirós - Lestedo, compróbase a existencia dunha leira en situación de abandono , con abundante biomasa vexetal.

Dita parcela ten ó número 235, polígono 506, “xxxxx”, Boqueixón.

Está preto de vivendas.

Existe risco de incendio e de insalubridade”.

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”
2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:
a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.
3. O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios da parcela número 235, polígono 506, lugar de Milleirós, Lestedo, herdeiros de don Manuel xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

7 .Aboamento indemnización de responsabilidade por danos.

Con rexistro de saída nº 604/2017 de 28 de xuño do 2017, remitiuse notificación a don Laurent xxxxx, do acordado na Xunta de Goberno do día 22 de xuño do 2017 .

Na citada Xunta de Goberno iniciouse o procedemento de responsabilidade patrimonial por danos abreviado, por falta de complexidade do mesmo e a admisión da inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano causado a don Laurent xxxxx na roda traseira “shimano dura-ace c24” da bicicleta da súa propiedade, con identificación WTU037CT5086H0817.

Outorgóuselle unha indemnización por importe de 900,00 euros como consecuencia dos danos causados na roda traseira da bicicleta da súa propiedade, por colisionar esta cunha árbore que invadía a vía municipal número 100, de Lavacolla ó Forte.

Transcorrido o prazo de cinco días , desde o recibo da notificación (30-06-2017) non se presentaron alegacións.

Dentro das condicións particulares do seguro de responsabilidade civil xeral que o concello de Boqueixón ten contratado coa compañía de seguros MAPFRE, sinálase o seguinte:

